



ACORDO do 1 de abril de 2024, da comisión designada para xulgar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira da agrupación profesional de persoal funcionario, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo V do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, convocados pola resolución do 15 de decembro de 2023 (DOG núm.243 do 26 de decembro).

En sesión que tivo lugar o 1 de abril de 2024, a comisión nomeada pola Resolución do 17.07.2020 (DOG núm. 152, do 30.07.2020) para cualificar o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira da escala de persoal subalterno da agrupación profesional de persoal funcionario do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao Grupo V, do V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico, convocado pola resolución do 15 de decembro de 2023 (DOG núm.243 do 26 de decembro), acordou, de conformidade co disposto na base II.1 establecer os criterios de corrección, valoración e superación da proba tipo test.

CUESTIÓNS XERAIS ESTABLECIDAS NAS BASES DA CONVOCATORIA

A proba tipo test consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cincuenta (50) preguntas tipo test extraídas da batería de preguntas correspondentes á agrupación profesional de persoal funcionario que se atopa publicada no portal web corporativo no seguinte enderezo electrónico: <https://www.xunta.gal/funcion-publica/funcionarizacion>.

A batería de preguntas, coas modificacións realizadas, será a que figure no portal web o día da publicación da convocatoria no DOG.

O cuestionario conterá cinco (5) preguntas de reserva, que substituirán, se for o caso, as anuladas pola súa orde. As preguntas terán tres (3) respostas alternativas, das que só unha (1) será a correcta.

A proba terá unha duración máxima de sesenta (60) minutos.



Para o desenvolvemento desta proba poderán servirse de textos legais sen comentarios. En relación con estes, admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas nas cales figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples.

Considérase que se axusta ao anteriormente exposto levar os textos legais acoutados, non sendo necesario levar completos os textos legais sobre os que se formularon a batería de preguntas, sempre que eses textos non leven comentarios, nin ningunha outra alteración ou modificación. Os textos legais poden estar subliñados sempre que non leven ningún tipo de anotación.

Finalmente tamén se permite que eses textos legais leven unha marca de auga ou un logo indicativo da entidade que os elaborou, sempre e cando cumpran as restantes condicións anteriormente indicadas.

Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido da proba e as respostas correctas no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal.

O exercicio cualificarase como «apto» ou «non apto» e para obter a cualificación de «apto» será necesario obter o número mínimo de preguntas correctas que determine a comisión de funcionarización, para o cal se terá en conta que as respostas incorrectas non descontarán.

DETERMINACIÓN DA CUALIFICACIÓN DE APTO NA PROBA TIPO TEST

En cumprimento da potestade de determinación do criterio da cualificación de APTO da proba indicada, a comisión acordou que terán a cualificación de APTO as persoas aspirantes que acaden vinte (20) respostas correctas. Tendo en conta que as respostas incorrectas non descontan e que as preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital



O presidente da Comisión

Rubén Plaza Martínez

